

**Resolución da Presidencia do Parlamento, do 2 de decembro de 2017, pola que se admiten a trámite as emendas presentadas ás Mocións e Proposicións non de lei incluídas na orde do día da sesión plenaria do día 4 de decembro de 2017**

No Rexistro Xeral da Cámara tiveron entrada os documentos polos que os grupos parlamentarios formulan emendas ás mocións e ás proposicións non de lei incluídas na orde do día da sesión plenaria do 4 de decembro de 2017.

Examinados os escritos, e en virtude da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 9, do 8 de novembro de 2016), a Presidencia resolve:

1.º) Admitir a trámite e cualificar como emendas os seguintes documentos referidos ás mocións e proposicións non de lei que se citan:

20687 (10/MOC-000058)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre a realización pola Xunta de Galicia das actuacións precisas para evitar o peche de Conservas Esteiro. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 19022, publicada no BOPG n.º 199, do 24.10.2017, e debatida na sesión plenaria do 21.11.2017)

— 21051 G.P. dos Socialistas de Galicia

— 21057 G.P. Popular de Galicia

20701 (10/MOC-000059)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación do persoal sanitario de Servizo Galego de Saúde. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 18979, publicada no BOPG n.º 199, do 24.10.2017, e debatida na sesión plenaria do 21.11.2017)

— 21067 G.P. do Bloque Nacionalista Galego

20722 (10/MOC-000060)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a política do Goberno galego en materia de atención ás emerxencias. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 19254, publicada no BOPG n.º 204, do 02.11.2017, e debatida na sesión plenaria do 21.11.2017)

— 21042 G.P. dos Socialistas de Galicia

Sras./Srs. deputadas/os do Parlamento de Galicia

Portavoz do G.P. Popular de Galicia

Portavoz do G.P. de En Marea

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

13974 (10/PNP-001162)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 6 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para avanzar na conservación e difusión da nosa toponimia tradicional

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 165, do 30.08.2017*

— 21063 G.P. do Bloque Nacionalista Galego

17009 (10/PNP-001285)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego das avaliacións necesarias para o coñecemento da mellora na competencia lingüística do alumnado que participa nalgún dos programas plurilingües que se veñen desenvolvendo nos últimos cursos

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017*

— 21064 G.P. do Bloque Nacionalista Galego

17116 (10/PNP-001292)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa baixada dos salarios e a precarización do emprego e das condicións laborais rexistrada nos últimos anos, en particular no referido á contratación das persoas mozas, así como a fenda salarial de xénero existente

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017*

— 21065 G.P. do Bloque Nacionalista Galego

19337 (10/PNP-001427)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre a continuación polo Goberno galego coa transformación dos servizos sanitarios promovendo a súa humanización no referido á capacitación científico-técnica dos profesionais e aproximación humana ao doente, co fin de mellorar a resposta aos requirimentos e expectativas da cidadanía

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 203, do 31.10.2017*

— 21049 G.P. dos Socialistas de Galicia

— 21066 G.P. do Bloque Nacionalista Galego

20317 (10/PNP-001509)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sras./Srs. deputadas/os do Parlamento de Galicia

Portavoz do G.P. Popular de Galicia

Portavoz do G.P. de En Marea

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

02 DEC. 2017

Núm. .... 6130 .....

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de reapertura da explotación da mina de cobre nos concellos de Touro e do Pino presentado pola empresa Cobre San Rafael, S.L., cos residuos almacenados no espazo da mina, así como coa restauración dos solos e das augas contaminadas pola anterior actividade mineira

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 215, do 22.11.2017*

— 21050 G.P. dos Socialistas de Galicia

2.º) Dar conta desta resolución á Mesa do Parlamento na reunión prevista para o día 4 de decembro de 2017.

3.º) Notificar esta resolución ás deputadas, aos deputados e aos portavoces dos grupos parlamentarios.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 02/12/2017 13:03:45**

**EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 04/12/2017**



PARLAMENTO  
DE GALICIA

3. Mocións.....	3
3.1 10/MOC-000058 (0020687).....	3
(0020687) Entrada da iniciativa.....	4
(0021051) Emendas dos grupos parlamentarios .....	6
(0021057) Emendas dos grupos parlamentarios .....	8
3.2 10/MOC-000059 (0020701).....	9
(0020701) Entrada da iniciativa.....	10
(0021067) Emendas dos grupos parlamentarios .....	12
3.3 10/MOC-000060 (0020722).....	14
(0020722) Entrada da iniciativa.....	15
(0021042) Emendas dos grupos parlamentarios .....	18
4. Proposicións non de lei ante o pleno.....	19
4.1 10/PNP-001162 (0013974).....	19
(0013974) Entrada da iniciativa.....	20
(0021063) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	22
4.2 10/PNP-001285 (0017009).....	24
(0017009) Entrada da iniciativa.....	25
(0021064) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	28
4.3 10/PNP-001292 (0017116).....	30
(0017116) Entrada da iniciativa.....	31
(0021065) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	34
4.4 10/PNP-001427 (0019337).....	36
(0019337) Entrada da iniciativa.....	37
(0021049) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	40
(0021066) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	42
4.7 10/PNP-001509 (0020317).....	44
(0020317) Entrada da iniciativa.....	45
(0021050) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	50

### **3. MOCIÓN.**

#### **3.1 10/MOC-000058 (0020687)**

Grupo Parlamentario de En Marea - José Manuel Lago Peñas

Sobre a realización pola Xunta de Galicia das actuacións precisas para evitar o peche de Conservas Esteiro (Moción a consecuencia da Interpelación nº 19022, publicada no BOPG nº 199, do 24.10.2017, e debatida na sesión plenaria do 21.11.2017)



(0020687) Entrada da iniciativa

**en marea**

enmarea.gal



### Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **19022 (10/INT-000620)**, debatida na sesión plenaria do 21 de novembro, sobre a situación de Conservas Esteiro.

#### MOCIÓN:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a realizar as accións oportunas para evitar o peche de Conservas Esteiro polos dramáticos efectos que o peche tería sobre o emprego, a economía da comarca e o conxunto do sector conserveiro galego.”

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas  
Deputado do G.P. de En Marea  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

gp-enmarea@parlamentodegalicia.gal



***en marea***

enmarea.gal

**José Manuel Lago Peñas na data 24/11/2017 12:18:05**

**Luis Villares Naveira na data 24/11/2017 12:18:19**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/11/2017 12:19  
**Nº Rexistro: 20687**  
Data envío: 24/11/2017 12:19:02.829



(0021051) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA  
 REXISTRO XERAL ENTRADA  
 Data asento: 01/12/2017 13:55  
 Nº Rexistro: 21051  
 Data envío: 01/12/2017 13:55:02.652



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado, **Abel Losada Alvarez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Moción do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre a realización pola Xunta de Galicia das actuacións precisas para evitar o peche de Conservas Esteiro (10/MOC-000058, documento número 20687)

**Emenda de modificación**

Débase modificar a parte resolutiva da moción que quedará redactada co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Aprobar e presentar no transcurso dos próximos tres meses ante a Cámara galega, o *Plan Estratéxico da Conserva 2017-2022*, especialmente dirixido a aquelas comarcas economicamente dependentes dese sector, onde entre outras cuestións, se incorporen:


- a) Os mecanismos e medidas axeitadas que permitan a mellora na capacidade produtiva das instalacións.
- b) O aumento dos postos de traballo.
- c) A consecución dun Certificado de Profesionalidade específico para este sector.
- d) As actuacións e axudas públicas.

2. En relación á factoría conserveira de Esteiro, presentar un paquete de medidas, dende os ámbitos da formación e do financiamento, que permita paliar o impacto económico e social negativo do seu peche, incluíndo a posibilidade da posta en funcionamento das instalacións abandonadas.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/12/2017 13:55  
Nº Rexistro: 21051  
Data envío: 01/12/2017 13:55:02.652



 Grupo Parlamentario

3. Revisar as condicións para as concesións de axudas públicas autonómicas, condicionando as mesmas ao mantemento dos centros de produción e dos postos de traballo existentes, promovendo unha máis intensa labor de seguimento e control sobre as axudas concedidas.”

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 1 de decembro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 01/12/2017 13:53:03**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/12/2017 13:53:10**



## (0021057) Emendas dos grupos parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/12/2017 16:30  
Nº Rexistro: 21057  
Data envío: 01/12/2017 14:24:05.371

### A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado **Carlos López Crespo**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda á Moción** do Grupo Parlamentario de En Marea, **10/MOC-000058 (20687)**, sobre a realización pola Xunta de Galicia das actuacións precisas para evitar o peche de **Conservas Esteiro** (Moción a consecuencia da Interpelación nº 19022, publicada no BOPG nº 199, do 24.10.2017, e debatida na sesión plenaria do 21.11.2017).

### Emenda de substitución

Débase substituír o texto da parte resolutiva da Moción, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a respectar a decisión maioritaria dos traballadores e das súas negociacións coa empresa e a realizar as accións oportunas para evitar o peche de Conservas Esteiro polos efectos que o peche tería sobre o emprego, a economía da comarca e o conxunto do sector conserveiro galego, mediante o apoio a calquera iniciativa viable que implique unha saída empresarial para a planta, veña da man dunha nova empresa ou da propia acción dos traballadores.”

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 01/12/2017 14:22:30**

**Carlos Enrique López Crespo na data 01/12/2017 14:22:51**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdeg Galicia.com



### **3.2 10/MOC-000059 (0020701)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Julio Torrado Quintela


Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación do persoal sanitario de Servizo Galego de Saúde (Moción a consecuencia da Interpelación nº 18979, publicada no BOPG n. 199, do 24.10.2017, e debatida na sesión plenaria do 21.11.2017)



(0020701) Entrada da iniciativa


**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 24/11/2017 13:40  
**Nº Rexistro: 20701**  
Data envío: 24/11/2017 13:40:02.485



 Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión Plenaria celebrada o día 21 de novembro de 2017, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa situación do persoal sanitario do Sergas (10/INT-000617, documento número 18979)


Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Remitir aos grupos parlamentarios un informe de datos sobre Recursos Humanos do Sergas que inclúa:
  - a) O número e distribución (categoría, especialidades, localización por EOXI) das prazas presupostadas que teñen persoa asignada, das que se atopan sen persoa asignada e das que foron contratadas de maneira eventual durante os anos 2015, 2016 e do transcorrido durante 2017.
  - b) Duración media, coste medio e salario percibido medio dos contratos eventuais realizados polo Sergas durante os anos 2015, 2016 e do transcorrido durante 2017, distribuídos por categoría, especialidades e EOXI.
  - c) A estimación de contratos eventuais que se realizarán polo Sergas no ano 2018, distribuídos por categoría, especialidades e EOXI.
2. Poñer a disposición do Ministerio de Hacienda toda información necesaria para facilitar a convocatoria máis ampla posible da OPE.
3. Comprometer a convocatoria en 2018 dunha OPE en Sanidade de igual ou maior cantidade que a convocatoria de 2017.



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

4. Comprometer a convocatoria en 2019 e 2020 de OPEs en Sanidade que alcancen ou superen os 3000 profesionais sanitarios conxuntamente.
5. Continuar o diálogo coas organizacións sindicais do eido sanitario para a progresiva recuperación dos acordos sobre dereitos e retribucións paralizados en 2010.

Pazo do Parlamento, 24 de novembro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 24/11/2017 13:39:18**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/11/2017 13:39:24**



## (0021067) Emendas dos grupos parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR  
 Parlamento de Galiza  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
 REXISTRO XERAL ENTRADA  
 Data asento: 01/12/2017 17:58  
 Nº Rexistro: 21067  
 Data envío: 01/12/2017 17:58:45.839

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción**, doc. núm. **20701 [10/MOC-000059]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación do persoal sanitario de Servizo Galego de Saúde. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 18979, publicada no BOPG n.º 199, do 24.10.2017, e debatida na sesión plenaria do 21.11.2017), incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 4 de decembro de 2017.

#### Emenda de substitución

Substituír os puntos 2, 3 e 4 polo seguinte texto, que pasaría ser o punto 2:

“2. O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Que asuma as súas competencias e deixe de practicar unha política de submisión ao Goberno español. Exerza as súas competencias en materia de emprego no ámbito sanitario, e esixa que a Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do estado para o ano 2017 e sucesivos, non teña carácter de normativa básica respecto ás prazas de persoal estatutario do SERGAS, xa que esta lei segue a manter a taxa de reposición.

-Presentar un plano de estabilidade de emprego que permita recuperar o cadro de persoal do SERGAS do ano 2009, e a convocar as prazas vacantes producidas nestes anos que se recollen nos Planos de Ordenación de Recursos Humanos do SERGAS.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/12/2017 17:58**  
**Nº Rexistro: 21067**  
Data envío: 01/12/2017 17:58:45.839



REGISTRADO  
Nº 27204/2012  
09/02/2013  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp\_bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

### **Emenda de substitución**

Substituír o punto 5 polo seguinte texto, que pasaría a ser o punto 3:

“3. Que de inmediato, inicie na Mesa Sectorial do SERGAS a negociación da recuperación, con prazos, dos acordos de mellora de condicións de traballo e salariais, conxelados desde o ano 2010.”

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 01/12/2017 17:26:03**

**Ana Pontón Mondelo na data 01/12/2017 17:26:10**





### **3.3 10/MOC-000060 (0020722)**

Grupo Parlamentario de En Marea - Eva Solla Fernández

Sobre a política do Goberno galego en materia de atención ás emerxencias (Moción a consecuencia da Interpelación nº 19254, publicada no BOPG nº 204, do 2.11.2017, e debatida na sesión plenaria do 21.11.2017)



(0020722) Entrada da iniciativa



### Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea** por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **19254 (10/INT-000637)** debatida na sesión plenaria do 21 de novembro de 2017, sobre a política do Goberno galego en materia de atención ás emerxencias.

#### **MOCIÓN:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a adoptar as seguinte medidas:

- Impulsar as accións necesarias para a homoxeneizar as prestacións e condicións de traballo en todo o territorio galego dos servizos de prevención e extinción de incendios e salvamento, así como levar a cabo a elaboración dun regulamento do bombeiro que tamén contribúa a homoxeneizar a súa formación.
- Iniciar os trámites necesarios para a xestión pública e directa dos parques de bombeiros e mentres tanto non se xestione de xeito público, garantir aos profesionais dos parques de bombeiros privatizados, as condicións laborais semellantes ás que teñen os seus compañeiros dos parques públicos.
- Iniciar os trámites pertinentes para a recuperación do 112 como servizo público.
- Solucionar de xeito urxente os problemas coa plataforma de chamadas do 112.
- Dotar de persoal suficiente a central de chamadas do 112 e do 061.



- Potenciar os recursos necesarios para diminuír os tempos de resposta na asistencia das emerxencias sanitarias, reducindo a lo menos de 40 a 30 minutos.
- Incrementar os recursos destinados ao persoal do 061.
- Constituír unha mesa de diálogo cas representantes das e dos traballadores para negociar as condicións do traslado do 061 á Estrada.
- Dotar orzamento suficiente para poder levar a cabo o cumprimento dos puntos anteriores.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/11/2017 16:30  
**Nº Rexistro: 20722**  
Data envío: 24/11/2017 14:32:55.501

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 24/11/2017 14:31:50**

**Luis Villares Naveira na data 24/11/2017 14:31:57**



## (0021042) Emendas dos grupos parlamentarios



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Moción do Grupo Parlamentario de En Marea sobre a política do Goberno galego en materia de atención ás emerxencias (doc. núm. 20722).

Emenda de adición

Proponse a adición de dous novos puntos que terán o seguinte contido:

- Analizar a necesidade de integración tecnolóxica das plataformas de comunicación de emerxencias para conquistar un funcionamento integral do 112 como número único europeo de emerxencias en Galicia.
- Proceder á constitución dos grupos técnicos de traballo que estuden e programen a configuración dun modelo público único de extinción de incendios e salvamento na comunidade autónoma de Galicia.

Pazo do Parlamento, 1 de decembro v de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 01/12/2017 12:39:03**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/12/2017 12:39:17**



#### **4. PROPOSICIÓN NON DE LEI ANTE O PLENO.**

##### **4.1 10/PNP-001162 (0013974)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - César Manuel Fernández Gil  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles Antón  
Vilasánchez

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Teresa Egerique Mosquera  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Carlos Gómez Salgado  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Carlos Enrique López Crespo  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Antonio Mouriño Villar  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Rodríguez Pérez

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para avanzar na  
conservación e difusión da nosa toponimia tradicional



(0013974) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 09/08/2017 13:57  
**Nº Rexistro: 13974**  
 Data envío: 09/08/2017 13:57:25.816

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Carlos E. López Crespo, Antonio Mouriño Villar e Moisés Rodríguez Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno**.

A toponimia é a ciencia que estuda os nomes con que identificamos determinados espazos do territorio. É, sen dúbida, un dos campos máis enriquecedores e apaixonantes para quen estude a lingua e a cultura de calquera país. Os nosos antepasados foron bautizando en diversos momentos da historia os lugares que habitaban e cultivaban. Ademais, a maior parte dos topónimos tiñan, e moitos aínda teñen, un significado axeitado á realidade xeográfica en que naceron. Co tempo, esta realidade foi mudando e hoxe en día xa hai centos e centos de topónimos opacos, é dicir, que non nos dan pistas reais sobre o que denominan. Pero, grazas ao seu estudo, podemos coñecer mellor a nosa lingua e a nosa historia.

A toponimia forma parte dos elementos culturais que a Unesco denomina *patrimonio inmaterial* dos pobos. O carácter permanente dos topónimos fainos monumentos históricos, que se manteñen en pé a través dos séculos e que funcionan como referentes compartidos da comunidade, como sinais da identidade colectiva.

Todo isto conleva que as administracións públicas deben comprometerse coa conservación e difusión da nosa toponimia coma patrimonio propio da nosa cultura e como berce da construción da nosa identidade como pobo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, formula a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a avanzar na conservación e difusión da nosa toponimia tradicional, nomeadamente a través dos traballos de xeorreferenciación do nomenclator e microtoponimia, así como o desenvolvemento da aplicación colaborativa para a revisión, corrección e actualización do nomenclator de Galicia”.

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2017

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
 15701 Santiago de Compostela  
 T. 981 551 510 F. 981 551 422  
 gp-pp@parlamentodegalicia.es  
 www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/08/2017 13:57  
Nº Rexistro: 13974  
Data envío: 09/08/2017 13:57:25.816

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 09/08/2017 13:52:58**

**César Manuel Fernández Gil na data 09/08/2017 13:53:40**

**Maria Antón Vilasánchez na data 09/08/2017 13:53:57**

**Teresa Egerique Mosquera na data 09/08/2017 13:55:15**

**Carlos Gómez Salgado na data 09/08/2017 13:55:28**

**Carlos Enrique López Crespo na data 09/08/2017 13:55:54**

**Antonio Mouriño Villar na data 09/08/2017 13:56:06**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 09/08/2017 13:56:46**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com





## (0021063) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR  
 Parlamento de Galiza  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/12/2017 17:57**  
**Nº Rexistro: 21063**  
 Data envío: 01/12/2017 17:57:58.183

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, doc. núm. **13974 [10/PNP-001162]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para avanzar na conservación e difusión da nosa toponimia tradicional, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 4 de decembro de 2017.

#### Emenda de adición

Engadir o seguinte texto como punto segundo:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a revisar todos os ámbitos da súa competencia para restituír a toponimia legal nos lugares nos que non se cumpra a normativa e insta o Goberno galego a dirixirse ás demais institucións (Concellos, Deputacións provinciais e ao Goberno do estado español) para lles reclamar o uso en todos os ámbitos dos topónimos oficiais cuxa única forma legal é a galega. Así mesmo, o Parlamento acorda levar a cabo as medidas que sexan necesarias para que Google Maps cumpra a toponimia.”

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo**  
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 01/12/2017 11:26:04**

**Ana Pontón Mondelo na data 01/12/2017 11:26:08**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/12/2017 17:57**  
**Nº Rexistro: 21063**  
Data envío: 01/12/2017 17:57:58.183



#### **4.2 10/PNP-001285 (0017009)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Luis Manuel Álvarez Martínez

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María de la Concepción Burgo López

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego das avaliacións necesarias para o coñecemento da mellora na competencia lingüística do alumnado que participa nalgún dos programas plurilingües que se veñen desenvolvendo nos últimos cursos



## (0017009) Entrada da iniciativa



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Xunta de Galicia anunciou, a principios do mes de xuño deste ano, a posta en marcha da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020 que parece ter como finalidade o teórico modelo plurilingüe do que parece que temos implantado con grande éxito en Galicia nas etapas de educación infantil e formación profesional, ademais do ensino universitario.

Para o próximo curso, tres parecen ser as medidas innovadoras dirixidas a distintas etapas educativas, a saber:

1. Resolución do 1 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o programa plurilingüe no segundo ciclo da educación infantil (Plurin infantil), para o curso 2017/18 (DOG do 9 de xuño de 2017).
2. Resolución do 9 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula a incorporación ao programa de dobre titulación de Bacharelato e Baccalauréat, Bachibac, en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2017/18 (DOG do 19 de xuño de 2017).
3. Resolución do 29 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se publica o anuncio da Resolución pola que se regulan os ciclos formativos plurilingües (Estrela PluriFP), para o curso 2017/18 (DOG do 7 de xullo de 2017).



Grupo Parlamentario

Todas as ditas resolucións teñen como obxectivo incorporar centros ás ensinanzas impartidas en linguas estranxeiras.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Así, no caso do programa Plurin infantil, o obxectivo é a incorporación de centros que xa teñen a denominación de plurilingües na etapa de educación primaria para que impartan ata un máximo dun terzo do horario nunha lingua estranxeira.

Para o programa Estrela PluriFP, é suficiente que o centro oferte algún módulo dalgún ciclo formativo tanto no primeiro coma no segundo curso, non sendo necesaria unha porcentaxe mínima.

Estamos a referirnos, evidentemente, só ao que ás ensinanzas en lingua estranxeira se determina e non ao resto das condicións, nomeadamente a capacitación do profesorado.

Os resultados da resposta acadada para estes programas pode cualificarse de moi modesta sendo benévolos, ou de altamente decepcionante sendo obxectivos.

Así, de 261 centros que poderían ter participado no programa Plurin infantil, foron seleccionados 81 (o 31 %); de 294 centros que poderían ter participado no programa Bachibac, foi seleccionado 1 (o 3,4 %) e de 263 centros que poderían ter participado no programa Estrela PluriFP foron seleccionados 7 (o 2,7 %).


Os anteriores son datos da resposta a un dos programas estrela da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria se nos atemos ás declaracións do Sr. conselleiro do día 1 de xuño deste ano.

Ante a situación exposta, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a poñer en funcionamento de xeito inmediato as avaliacións pertinentes que permitan coñecer a mellora na competencia lingüística do alumnado que participa nalgún dos múltiples programas que veñen funcionando nos últimos cursos.

PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/09/2017 11:15  
Nº Rexistro: 17009  
Data envío: 20/09/2017 11:15:48.789



 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2017

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Mat3nez na data 20/09/2017 11:12:12**

**Mar3a de la Concepci3n Burgo L3pez na data 20/09/2017 11:12:23**

**Xoaqu3n Mar3a Fern3ndez Leiceaga na data 20/09/2017 11:12:37**



## (0021064) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/12/2017 17:58  
Nº Rexistro: 21064  
Data envío: 01/12/2017 17:58:08.324

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, doc. núm. **17009 [10/PNP-001285]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre a posta en marcha polo Goberno galego das avaliacións necesarias para o coñecemento da mellora na competencia lingüística do alumnado que participa nalgún dos programas plurilingües que se veñen desenvolvendo nos últimos cursos, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 4 de decembro de 2017.

#### Emenda de adición

Engadir o seguinte texto como punto segundo:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a avaliar os resultados derivados da aplicación do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza de acordo coa Disposición adicional quinta do devandito decreto remitindo os resultados desta avaliación ao Parlamento.”

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/12/2017 17:58  
Nº Rexistro: 21064  
Data envío: 01/12/2017 17:58:08.324

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 01/12/2017 11:25:30**

**Ana Pontón Mondelo na data 01/12/2017 11:25:36**






#### **4.3 10/PNP-001292 (0017116)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Noela Blanco Rodríguez  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Julio Torrado Quintela

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa baixada dos salarios e a precarización do emprego e das condicións laborais rexistrada nos últimos anos, en particular no referido á contratación das persoas mozas, así como a fenda salarial de xénero existente

(0017116) Entrada da iniciativa



 Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

Durante a etapa de goberno do PP a desigualdade salarial disparouse, mesmo nos anos recentes de recuperación da actividade e descenso da taxa de paro. En concreto, os salarios do 40 % da poboación con menores soldos diminuíron, especialmente entre os traballadores e traballadoras cun contrato temporal.


Os descensos afectaron de modo principal aos máis novos: os salarios dos traballadores e traballadoras de entre 25 e 34 anos de idade caeron un 5,5 % en termos reais.

Esta evolución salarial derivou nun importante aumento do fenómeno dos traballadores e traballadoras pobres: a porcentaxe os que están en risco de pobreza, definido como a proporción de traballadores cunha renda inferior ao 60 % da mediana de ingresos, pasou do 10,8 % en 2012 ao 13,1 % en 2015, cociente unicamente superado por Grecia e Romanía.

Este modelo consolidouse, de modo que os novos entrantes no mercado de traballo están a facelo cun desconto nos seus salarios do 25 % con respecto ao resto de traballadores e traballadoras, fenda que se aumentou nos últimos anos.

O actual modelo salarial en España está a impedir que o progreso económico e social se estenda á maioría de españois. Ademais dos nefastos efectos sociais que carrega, tamén dende o punto de vista estritamente económico o modelo actual ten cada vez menos sentido: pon en risco a recuperación económica na medida que imposibilita a normalización do consumo dos fogares, que aínda se atopa por baixo do nivel previo á crise. É un feito constatado que o mantemento de niveis de consumo aceptables



 Grupo Parlamentario

no noso país, sobre o pano de fondo de baixos salarios, está a realizarse á conta dunha diminución da taxa de aforro das familias, que é un modo insustentable de avance.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

É, por tanto, un obxectivo prioritario para o PSdeG-PSOE romper a dinámica instalada en España de baixos salarios, precarización e aparición de traballadores e traballadoras pobres, e dar paso a un novo modelo de salarios decentes no noso país, baseados nunha repartición máis xusta da produtividade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

**O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España:**

- 1.- Favorecer incrementos salariais anuais nos acordos entre patronal e sindicatos, para lograr que en 2021 os salarios recuperen o peso que tiñan na repartición da renda nacional no período previo á crise. Especificamente, propoñer un incremento salarial entre un 2 % e un 3 % en 2018, e entre un 2,5 % e un 3,5 % nos anos sucesivos (2019, 2020 e 2021).
- 2.- Acordar cos sindicatos un incremento gradual do SMI ata alcanzar os 1.000 euros mensuais en 2020.
- 3.- Derrogar a reforma laboral co fin de poder recuperar o poder de negociación dos traballadores e traballadoras.
- 4.- Reforzar o principio de causalidade como única xustificación dos contratos temporais, xunto cun reforzo da inspección de traballo para que devanditos contratos sexan realmente unha ferramenta transitoria e excepcional.
- 5.- Equiparar a subida salarial dos empregados e empregadas públicas para 2018 co aumento da inflación, incorporando complementos adicionais que permitan ir recuperando o poder adquisitivo perdido, así como xeneralizar a implantación da xornada de 35 horas semanais no sector público, sen diminución das retribucións económicas.



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

6.- Poñer en marcha un plan de choque para os mozos e mozas con medidas específicas, como a promoción do contrato de substitución e do contrato en prácticas, así como unha nova regulación das prácticas non laborais.

7.- Tomar medidas concretas contra a fenda salarial de xénero, como a aprobación dunha lei de igualdade laboral, que, entre outras cousas, estableza a obrigatoriedade de que os salarios de todos os empregados e empregadas así como a súa modalidade de contrato sexan de coñecemento público.

8.- Tomar medidas para eliminar os fenómenos de precarización dos falsos autónomos e todas as novas formas de súper explotación laboral.

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 20/09/2017 18:01:42**

**Julio Torrado Quintela na data 20/09/2017 18:01:47**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/09/2017 18:01:52**



## (0021065) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR  
 Parlamento de Galiza  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
 REXISTRO XERAL ENTRADA  
 Data asento: 01/12/2017 17:58  
 Nº Rexistro: 21065  
 Data envío: 01/12/2017 17:58:21.371

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, doc. núm. **17116 [10/PNP-001292]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa baixada dos salarios e a precarización do emprego e das condicións laborais rexistrada nos últimos anos, en particular no referido á contratación das persoas mozas, así como a fenda salarial de xénero existente, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 4 de decembro de 2017.

#### Emenda de substitución

Substituír o texto do punto 3 polo seguinte:

“3. Derrogar as reformas laborais por lesivas para a clase traballadora, en especial: Real Decreto Lei 10/2010, de 16 de junio, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, a Lei 35/2010, de 17 de setembro de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, Real Decreto-Lei 20/2012 do 19 de xullo, Real Decreto-lei 3/2012 de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral. Así como de todas a demais normativas que as desenvolven.”

#### Emenda de substitución

Substituír o texto do punto 6 polo seguinte:



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp\_bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/12/2017 17:58  
Nº Rexistro: 21065  
Data envío: 01/12/2017 17:58:21.371

“6. Posta en marcha dun plan para evitar que con diñeiro público se financie a precariedade laboral da mocidade galega, de xeito que non se destinen recursos públicos a medidas de emprego xuvenil baseadas en fórmulas como o contrato de prácticas, de formación, fórmulas de non contratación como son as bolsas que substitúen postos de traballo etc. nin ás ETTS, e destinar eses fondos á inversión produtiva para a xeración de emprego, fomento de novos espazos de actividade e mellora das prestacións.”

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 01/12/2017 11:38:35**

**Ana Pontón Mondelo na data 01/12/2017 11:38:40**



#### **4.4 10/PNP-001427 (0019337)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Aurelio Alfonso Núñez Centeno  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Encarnación Amigo Díaz  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles García Míguez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Rodríguez Arias  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Soraya Salorio Porral  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Raquel Arias Rodríguez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Sandra Vázquez Domínguez

Sobre a continuación polo Goberno galego coa transformación dos servizos sanitarios promovendo a súa humanización no referido á capacitación científico-técnica dos profesionais e aproximación humana ao doente, co fin de mellorar a resposta aos requirimentos e expectativas da cidadanía

(0019337) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/10/2017 13:14  
Nº Rexistro: 19337  
Data envío: 24/10/2017 13:14:36.583

#### A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

#### Exposición de motivos

Nos últimos anos, os servizos de Saúde a nivel nacional e internacional comezaron a aplicar cambios organizativos para enfrontarse a novos retos. Un destes retos é adaptar os servizos sanitarios aos requirimentos e expectativas dos cidadáns. É unha necesidade sentida, expresada, transmitida e reclamada po los nosos usuarios, que se refiren á humanización na asistencia sanitaria.

Calquera acto de atención sanitaria implica, ademais do intento de curar unha enfermidade en base ao coñecemento científico, o esforzo por coidar ao paciente e que este se sinta coidado.

Humanizar a asistencia sanitaria significa axuntar as dúas partes inseparables dunha boa atención: por unha banda, a capacitación científico técnica dos profesionais, e pola outra, a aproximación humana ao paciente, como persoa que é , digna de respecto e de consideración.

Non existe humanización sen calidade, tampouco é posible a calidade sen humanización .





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/10/2017 13:14  
Nº Rexistro: 19337  
Data envío: 24/10/2017 13:14:36.583

Así pois, as tarefas de analizar, avaliar e mellorar os aspectos que teñen que ver coas dimensións cualitativas da calidade, como son a calidade da información, a confidencialidade, o trato ou a accesibilidade aos servizos, teñen que ser campos e aspectos a traballar e mellorar .

Así estaba recollido no programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega, no que figuraba un epígrafe específico sobre “Adaptación de servizos sanitarios confortables e amables para os pacientes” que se desenvolvía expoñendo que “Debemos seguir traballando na humanización dos servizos sanitarios para adaptalos ás especificidades e demandas dos pacientes e coidadores. Hospitais e centros de saúde centrados nas persoas, que ademais de salvagardar a vida, curar e minimizar as secuelas procuren o benestar dos seus pacientes, axudando a que a persoa e a súa familia pasen o mellor e o antes posible o contratempo que supón a irrupción dunha enfermidade na súa vida”.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a continuar coa transformación dos servizos sanitarios, para responder mellor aos requirimentos e expectativas da cidadanía, promovendo a humanización dos servizos sanitarios, nas súas dúas vertentes: a capacitación científico-técnica dos profesionais e a aproximación humana ao paciente, digno de respecto e consideración”.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/10/2017 13:14  
Nº Registro: 19337  
Data envío: 24/10/2017 13:14:36.583

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 24/10/2017 13:08:02**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 24/10/2017 13:08:25**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 24/10/2017 13:08:32**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 24/10/2017 13:08:39**

**Marta Rodríguez Arias na data 24/10/2017 13:08:45**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 24/10/2017 13:08:53**

**María Soraya Salorio Porral na data 24/10/2017 13:09:02**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 24/10/2017 13:09:08**

**Raquel Arias Rodríguez na data 24/10/2017 13:09:16**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 24/10/2017 13:09:24**

(0021049) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA  
 REXISTRO XERAL ENTRADA  
 Data asento: 01/12/2017 13:54  
 Nº Rexistro: 21049  
 Data envío: 01/12/2017 13:54:25.949



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a continuación polo Goberno galego coa transformación dos servizos sanitarios promovendo a súa humanización no referido á capacitación científico-técnica dos profesionais e aproximación humana ao doente, co fin de mellorar a resposta aos requirimentos e expectativas da cidadanía (10/PNP-001427, documento número 19337).

**Emenda de adición**

Débase engadir un novo parágrafo á parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia que para garantir o cumprimento dos obxectivos referidos, a Xunta de Galicia compromete un incremento orzamentario progresivo en persoal, equipamentos e infraestruturas sanitarias para finalizar a lexislatura nun 10 % superior aos orzamentos 2017.”

Pazo do Parlamento, 1 de decembro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia


**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 01/12/2017 13:53:37**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 01/12/2017 13:54  
**Nº Rexistro: 21049**  
Data envío: 01/12/2017 13:54:25.949



 Grupo Parlamentario

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/12/2017 13:53:44**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



## (0021066) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR  
 Parlamento de Galiza  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
 REXISTRO XERAL ENTRADA  
 Data asento: 01/12/2017 17:58  
 Nº Rexistro: 21066  
 Data envío: 01/12/2017 17:58:36.714

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, doc. núm. **19337 [10/PNP-001427]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre a continuación polo Goberno galego coa transformación dos servizos sanitarios promovendo a súa humanización no referido á capacitación científico-técnica dos profesionais e aproximación humana ao doente, co fin de mellorar a resposta aos requirimentos e expectativas da cidadanía, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 4 de decembro de 2017.

#### Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a rectificar a súa política sanitaria e destinar todos os esforzos a defender unha sanidade pública galega, universal e gratuíta, e nese obxectivo, realizar de xeito prioritario as seguintes actuacións:

- Un plan de choque para a eliminación das listas de espera dentro da sanidade pública galega coa dotación de persoal e recursos precisos.
- Presentar un plano de recuperación de emprego que permita repoñer todas as prazas perdidas desde a aplicación da taxa de reposición no ano 2010.
- Proceder á substitución de tod@s @s profesionais nas súas ausencias durante a totalidade das mesmas.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/12/2017 17:58**  
**Nº Rexistro: 21066**  
Data envío: 01/12/2017 17:58:36.714

-Poñer en marcha un plan de Mellora de Atención Primaria, como porta de entrada ao sistema sanitario, é un elemento chave para o sistema sanitario público galego.”

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

Deputadas do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 01/12/2017 17:31:32**

**Noa Presas Bergantiños na data 01/12/2017 17:31:39**

**Ana Pontón Mondelo na data 01/12/2017 17:31:44**



#### **4.7 10/PNP-001509 (0020317)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de reapertura da explotación da mina de cobre nos concellos de Touro e do Pino presentado pola empresa Cobre San Rafael, S.L., cos residuos almacenados no espazo da mina, así como coa restauración dos solos e das augas contaminadas pola anterior actividade mineira



(0020317) Entrada da iniciativa



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/11/2017 17:04  
**Nº Rexistro: 20317**  
Data envío: 16/11/2017 17:04:30.654

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao rexeitamento ao proxecto de reapertura da explotación mineira.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 25 de agosto saíu a exposición pública o proxecto de reapertura da explotación da mina para a extracción de cobre nos concellos de Touro e O Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L. Este novo proxecto pretende seguir explotando os mesmos xacementos abandonados do ano 1986 (nas mesmas cortas) máis novos xacementos colindantes con estes, dentro dunha concesión máis ampla que abarca o concello de norte a sur nunha extensión superior ás 2.000 Has.

Trátase dun proxecto de megaminería a ceo aberto que ocupará unha extensión de 689 Ha. Dos cales só o 30% son terreos xa afectados pola explotación anterior.

Vai a afectar a case 500 Has. de terreos agrícolas e forestais que son a base produtiva de moitas explotacións agrarias dos núcleos máis próximos á explotación.

Xunto ás catro cortas existentes vanse a escavar 6 novas cortas que dará lugar a outras tantas zonas mineiras coa eliminación definitiva do uso destes solos para as actuais e futuras actividades agrogandeiras ou forestais.





PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/11/2017 17:04**  
**Nº Rexistro: 20317**  
 Data envío: 16/11/2017 17:04:30.654



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

Trátase dun proxecto con impactos tan severos que imposibilitan, na práctica, o mínimo respecto medioambiental requirido e que podemos resumir sinteticamente en tres aspectos.

- **Impacto medioambiental.** A magnitude da explotación, e pese a tódalas medidas previstas, fai imposible a compatibilización da actividade co mínimo respecto medioambiental: Eliminación de mananciais de captación de auga para consumo doméstico, afectación ás augas subterráneas e superficiais, aos ríos e ao propio Ulla, construción dun enorme depósito de residuos altamente contaminante fronte ao núcleo de Arinteiro, impacto paisaxístico con entulleiras a unha altitude moi superior á actual do terreo, etc.

- **Impacto na saúde.** Os metais pesados son elementos moi perigosos para a saúde. A contaminación das augas por estes metais característicos de toda actividade mineira é un facto de risco moi elevado ao que estará sometida toda a poboación do entorno. Ademais o ruído ininterrompido, as vibracións polas voaduras e a emisión de po nas mesmas, no movemento de terras e no seu traslado serán outros factores que incidirán negativamente na saúde da poboación.

- **Impacto económico:** Unha actividade mineira desta envergadura elimina explotacións gandeiras ao desaparecerlle a súa base territorial, reduce a produción hortícola e froitícola, é un freo a moitos proxectos de investimento que se están levando a cabo no sector agrogandeiro e é unha hipoteca para calquera desenvolvemento das actividades de transformación relacionadas con este sector. A minería prevista non vai crear ningún tecido produtivo na zona, tan só unha pequena xeración de postos de traballo temporais e de baixa cualificación que en absoluto compensan, nin de lonxe, todo o dano que, ese si,



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/11/2017 17:04**  
**Nº Rexistro: 20317**  
 Data envío: 16/11/2017 17:04:30.654



REGISTRADO  
 Nº 177041212  
 04/02/05  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp\_bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

será para sempre. É un tipo de minería propia do século XIX consistente en extraer un recurso para favorecer exclusivamente empresas foráneas e deixar aquí a contaminación.

As propias alegación xunto co informe urbanístico presentados polo concello deixan constancia da grande afectación que supón, recoñecendo implicitamente o seu enorme impacto negativo. Posteriormente o posicionamento unánime do Pleno do concello de Touro en contra deste proxecto dan fe do sentimento da comarca diante deste tipo de minería expoliadora.

Estamos por tanto diante dun proxecto cun impacto ambiental inasumible, un impacto sobre a saúde preocupante, un impacto económico negativo e un impacto social que xera unha forte alarma e rexeitamento.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a

1. Denegar a reapertura da actividade mineira.
2. Adoptar as medidas necesarias para que o espazo da mina deixe de ser unha lixeira de almacenamento de toda clase de residuos, lamas de depuración, entullos..., de alto contido contaminante sen ningún tipo de control e seguridade estipulados pola lei.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/11/2017 17:04**  
**Nº Rexistro: 20317**  
 Data envío: 16/11/2017 17:04:30.654



REGISTRADO  
 Nº 17704/2012  
 04/02/09  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

3. Obrigar ao titular da concesión á restauración dos solos e das augas, subterráneas e superficiais, contaminadas pola anterior actividade mineira.”

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/11/2017 17:03:31**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/11/2017 17:03:35**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/11/2017 17:03:40**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/11/2017 17:04  
Nº Rexistro: 20317  
Data envío: 16/11/2017 17:04:30.654

**Olalla Rodil Fernández na data 16/11/2017 17:03:44**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/11/2017 17:03:47**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/11/2017 17:03:51**

(0021050) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA  
 REXISTRO XERAL ENTRADA  
 Data asento: 01/12/2017 13:54  
 Nº Rexistro: 21050  
 Data envío: 01/12/2017 13:54:43.699



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, **Abel Losada Alvarez**, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de reapertura da explotación da mina de cobre nos concellos de Touro e do Pino presentado pola empresa Cobre San Rafael, S.L., cos residuos almacenados no espazo da mina, así como coa restauración dos solos e das augas contaminadas pola anterior actividade mineira (10/PNP-001509, documento número 20317)

**Emenda de modificación**

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que teñan en consideración de forma estrita as seguintes consideracións á hora de emitir os preceptivos informes, que serán previamente enviados de novo ao concello e aos axentes económicos e sociais, sobre a explotación mineira *Cobre san Rafael S.L.* no concello de Touro.

1. Obrigación da eliminación da contaminación existente actualmente nas augas das canles que discorren polas proximidades da antiga canteira. Para iso será necesario realizar un estudo detallado da situación actual da calidade das augas das canles procedentes da antiga canteira ou as canles cuxas augas están actualmente contaminadas polas escorrentías da antiga canteira, determinando o seu grao de contaminación. Procederase ao deseño e execución de medidas preventivas e correctoras para reducir a contaminación que actualmente rexistran as canles que rodean a antiga explotación, ata alcanzar os niveis normativos. Deberanse aplicar medidas construtivas específicas de redución da contaminación (canles perimetrais, balsas de decantación, balsas de descontaminación, etc.), así como medidas de



■ Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

control e seguimento da calidade das augas das canles actualmente afectadas polo antiga canteira durante o período de explotación e a longo prazo despois da súa clausura.

2. Estudo das captacións e conducións de auga municipais, veciñais e privadas, existentes; incluíndo neste estudo as captacións para abastecemento e as de rega agrícola.

3. Antes do inicio de calquera actuación será necesario contar coa Autorización de Vertedura do órgano de conca Augas de Galicia, para o que deberá iniciarse a tramitación da mesma coa suficiente antelación.

4. Un estudo detallado da posible incidencia sobre o río Ulla e os seus elementos asociados no concello de Touro.

5. Incluír un cronograma temporal de execución ou programa de obras, que estableza a secuenciación dos traballos para realizar e identifique os puntos críticos desde o punto de vista ambiental; establecendo a secuencia dos traballos, de forma que se garanta que todas as medidas ambientais de prevención estean executadas antes da realización das actuacións con potencial contaminador.


6. Incluír un proxecto de execución da restauración independente onde se inclúan todos os elementos detallados ao respecto no presente informe.

7. Incluír unha prospección intensiva do ámbito do Castro de Copa que determine o seu valor arqueolóxico, e estableza as medidas de protección e control sobre o mesmo, así como sobre outros elementos que poidan detectarse durante a actuación.

8. Incluír un proxecto de medidas ambientais onde se describan detalladamente as medidas para aplicar.

9. Detallar o proceso de depuración das augas de vertedura durante os cinco primeiros anos, de forma que a planta de depuración incorpore os equipos necesarios para obter os nivel de calidade normativos.



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

10. Incluir unha canle perimetral de recollida de augas limpas, que abarque todas as concas vertentes cara ao ámbito da canteira.

11. Incluir un proxecto detallado do sistema de drenaxe que complete os erros detectados nos documentos do proxecto.

12. Incluir un sistema perimetral de recollida das augas xeradas no interior da explotación.

13. Incluir un proxecto autorizado por Augas de Galicia onde se detalle o desvío das canles Rego de Burgos e Rego de Pucheiras; proxecto que garanta que estas canles non se verán afectadas pola auga de escorrentía interior.

14. Incluir un plan de monitoreo e control das instalacións e das augas subterráneas. Este plan deberá abarcar os 15-20 anos posteriores á clausura da canteira, para permitir a avaliación da eficacia do selado e desmantelado da actividade.

15. Incluir un estudo de maior profundidade sobre as medidas de seguridade que se poderían adoptar para previr o risco de falla dos muros principais das instalacións de residuos.

16. Incluir a definición detallada das medidas preventivas e correctoras asociadas ás distintas instalacións auxiliares da nova explotación.

17. Realizar o estudo de avaliación ambiental específico da liña de subministración eléctrica.

18. Incluir unha xustificación do emprego das mellores técnicas de proceso dispoñibles, boas prácticas ambientais, así como un programa de aforro enerxético, de consumo de auga e do consumo doutros recursos naturais.

19. Incluir unha avaliación paisaxística específica do depósito temporal de estériles.



■ Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

20. Incluir un proxecto de abandono da explotación, onde se planifique a demolición de todos os elementos estruturais que non vaian prestar servizo con posterioridade ao peche da canteira, incluídas as cimentacións das instalacións.

21. Incluir un plan de vixilancia ambiental detallado, segundo os contidos establecidos no propio informe.

22. Incluir no proxecto a contía das garantías financeiras, detallando a que responde o cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballos mineiros, e a outra, que responderá o cumprimento do plan de restauración ambiental. Así mesmo, dar a coñecer cal é a constitución das mencionadas garantías (depósitos en entidades financeiras, bonos, avales etc...).

23. Incluir no proxecto un detallado plan de avaliación de riscos derivados das labores de explotación e especialmente da xestión dos residuos xerados pola explotación mineira, para así determinar o máis axeitadamente posible, polo órgano competente, a contía que terá que cubrir o seguro de responsabilidade civil.

24. Planificar dende o inicio da explotación mineira, o futuro social e económico dos concellos afectados, desenvolvendo novas actuacións de formación axeitadas que permitan unha reconversión profesional o mais doada posible; así como estratexias de diversificación económica, aproveitando os ingresos procedentes das actividades mineiras.”

Pazo do Parlamento, 1 de decembro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/12/2017 13:54  
Nº Registro: 21050  
Data envío: 01/12/2017 13:54:43.699



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 01/12/2017 13:52:26**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/12/2017 13:52:33**

